



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Literatura española dos séculos XX-XXI

Materia	Literatura española dos séculos XX-XXI			
Código	V01G400V01935			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Candelas Colodrón, Manuel Angel			
Profesorado	Candelas Colodrón, Manuel Angel			
Correo-e	mcande@uvigo.es			
Web	<a href="http://https://litespfft.wordpress.com/">http://https://litespfft.wordpress.com/</a>			
Descrición xeral	<p>Estudo e análise das principais obras da Literatura española dos séculos XX e XXI con 3 finalidades:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) Ser capaz de situar unha obra literaria da época dentro das tendencias que se suceden.</li> <li>2) Comprender a relación entre as características formais das obras do programa e as súas respectivas interpretacións temáticas.</li> <li>3) Captar a evolución dos diversos xéneros, a través do período estudado.</li> </ol>			

## Competencias

Código	
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
CG7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
CE3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
CE6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
CE9	Coñecemento de retórica e estilística.
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT4	Capacidade para adaptarse a novas situacións.
CT6	Capacidade de xestionar a información.
CT7	Apreciación da diversidade e a multiculturalidade.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT9	Capacidade crítica e de autocrítica.
CT10	Capacidade de análise e síntese.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
---------------------------	--------------

Coñecemento dos principais fitos da literatura escrita en lingua española, con especial atención aos contextos socioculturais en que se producen.

CB1 CG1 CE3 CT2  
 CB2 CG2 CE6 CT4  
 CB3 CG5 CE9 CT6  
 CB5 CG7 CE13 CT6  
 CT7  
 CT8  
 CT9  
 CT10  
 CT15

## Contidos

Tema	
1. Modernismo e vangarda.	1.1. O modernismo. Antonio Machado. Lectura obrigatoria: Poesías de Machado. 1.2. Vangardas. Xeración do 26/27. García Lorca. Lectura obrigatoria. Poeta en Nova York. 1.3. O teatro de Val-Inclán. Luces de Bohemia. Lectura obrigatoria. 1.4. Formas narrativas. Lecturas obrigatorias: Luisa Carnés. Tea Rooms. Manuel Chaves Nogueiras. A sangre y fuego. 1.5. Ensaio e pensamento.
2. A Guerra Civil e a inmediata postguerra.	2.1. Poesía. Miguel Hernández. Lectura obrigatoria. 2.2. Narrativa: Lectura obrigatoria: Nada de Carmen Laforet. 2.3. A literatura do exilio. Max Aub. La verdadera historia de la muerte de Francisco Franco. Lectura obrigatoria.
3. A literatura durante o franquismo	3.1. Anos 50. 3.1.1. Poesía social. Gil de Biedma. Lectura obrigatoria: Antoloxía dos 50. Versos con faldas: Gloria Fuertes. 3.1.2. Narrativa. Cela. Torrente Ballester. Sánchez Ferlosio. Carmen Martin Gaité. 3.1.3. Teatro. Buero Vallejo. 3.2. Anos 60-70. 3.2.1. Experimentación narrativa. Tiempo de silencio. Lectura obrigatoria. 3.2.2. Os Novísimos. Lectura obrigatoria: Antoloxía. 3.2.3. O teatro vangardista e independente. Fernando Arrabal. 3.2.4. Outros discursos: xornalismo.
4. A transición e o fin de século. A movida.	4.1. Poesía neorromántica. Poesía do eu. Poesía da experiencia. Antoloxía. Lectura obrigatoria. 4.2. Heteroxeneidade narrativa. 4.2.1. La hora violeta, Montserrat Roig. El mismo mar de todos los veranos de Esther Tusquets. Unha lectura obrigatoria. 4.3. Teatro: Las bicicletas son para el verano de Fernando Fernán Gómez. 4.4. Ensaio e outras formas discursivas.
5. O século XXI.	5.1. A poesía. Antoloxía. Crise e identidades. 5.2. A novela do século XXI. Lectura obrigatoria: a elixir entre unha lista de novelas actuais. 5.3. O teatro do século XXI. Angelica Lidell. 5.4. Ensaio: Irene Vallejo, El infinito en un junco. 5.5. Novos formatos. Blogs. Redes sociais. Performances.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	2	3
Lección maxistral	18	15	33
Resolución de problemas	20	35	55
Seminario	6	6	12
Traballo	0	42	42
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	1	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	1	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición

Actividades introductorias	Dedícanse á explicación da guía docente.
Lección maxistral	Todos os temas comezarán cunha lección maxistral, que contextualice histórica e culturalmente as manifestacións literarias.
Resolución de problemas	Comentarios de textos e análises das obras do programa.
Seminario	Procurarase traer a 2 ou 3 especialistas nalgún aspecto ou epígrafe do programa.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introductorias	Convocarase ao alumnado para unha titoría personalizada, co obxecto de calibrar a súa opinión sobre a materia e sobre a materia do programa.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Traballo	Análise crítica dunha novela actual. Terá que entregar un traballo ao final de curso, dun cinco folios (Garamond 10, interlineado sinxelo)	25			
Exame de preguntas de desenvolvemento	1. Primeira pregunta dun exame ao final do curso: proporase ao alumno/a unha pregunta que lle permita enlazar críticamente distintos aspectos do programa.	35	CB1 CB2 CB5	CE6 CE9	CT2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2. Segunda pregunta dun exame ao final do curso: comentario de texto.	40			

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Alumnado presencial:

Para aprobar a materia deben realizarse obrigatoriamente as tres probas. A primeira é un traballo e os dous restantes constitúen o exame que levará a cabo o último día do curso. O exame final fixado pola Facultade terá as mesmas probas, pero o traballo deberá ser entregado ao final do curso presencial.

Alumnado semipresencial O alumno/a deberá porse en contacto co profesor para programar a avaliación. Esta consistirá basicamente en comentarios de textos (polo menos tres) e nun traballo orixinal de polo menos 15 folios (interlineado sinxelo, letra tipo Garamond 10) sobre un apartado concreto do programa. Para a convocatoria de xullo o exame final terá a mesma estrutura. Non hai recuperacións parciais.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

- Valle-Inclán, Ramón María del, **Luces de bohemia**, Cátedra,
- Prieto de Paula, Ángel Luis (ed.), **Poetas españoles de los cincuenta**, 2002, Editorial Almar,
- Gracia, Jordi y Domingo Ródenas, **Derrota y restitución de la modernidad (1939-2010)**, 978-84-9892-122-9, 2011, Crítica,
- Abellán, José Luis, **Historia crítica del pensamiento español**, 978-84-239-6407-9, 1979-1981, Espasa-Calpe,
- Prieto de Paula, Ángel Luis, **Manual de literatura española actual : de la transición al tercer milenio**, 978-84-9740-236-1, 2007, Castalia,
- Bernal Muñoz, José Luis, **¿Invento o realidad? La Generación del 1898**, 1996, Pre-Textos,
- Rozas, Juan Manuel, **La generación del 27 desde dentro. Textos y documentos**, 1986, Istmo,
- Aznar Soler, Manuel (ed.), **Veinte años de teatro y democracia en España (1975-1995)**, 1996, Associació d'Idees,
- Martín Nogales, José Luis, **Cincuenta años de novela española (1936-1986)**, 1989, PPN,
- Oliva, César, **La última escena (teatro español de 1975 a nuestros días)**, 2004, Cátedra,
- Vallejo, Irene, **EL infinito en un junco**,
- Rubio, Fanny y José Luis FALCÓ, **Poesía española contemporánea (1939-1980)**, 1981, Alhambra,
- Roig, Montserrat, **La hora violeta**,
- Tusquets, Esther, **El mismo mar de todos los veranos**,
- Lidell, Angelica, **Guerra interior**, La uña rota,
- Carnés, Luisa, **Tea rooms**, Hoja de lata,
- Chaves NOgales, Manuel, **Obra completa**, Libros del Asteroide,

#### Bibliografía Complementaria

- A. P. Debicki, **Historia de la poesía española del siglo XX. Desde la modernidad hasta el presente**, Gredos, 1997
- J. Huerta Calvo, **Historia del teatro español, T.II**, Gredos, 2003
- J.C. Mainer, **Historia de la literatura española**, 978-84-9892-100-7, Crítica, 2010-2012
- J.M. Pozuelo Yvancos, **Ventanas de la ficción: narrativa hispánica siglos XX y XXI**, Crítica,
- Aub, Max, **La verdadera historia de la muerte de Francisco Franco y otros cuentos**,
- Fuertes, Gloria et aliae, **Versos con faldas**,

---

## Recomendacións

---

### Outros comentarios

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao estudiantado da súa responsabilidade neste aspecto.

Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudiantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MOOVI (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos anuncios e datas das diferentes probas.

Os requisitos para o alumnado Erasmus serán os mesmos que para o alumnado propio.

---

---

## Plan de Continxencias

---

### Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo estudiantado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen.

-Actividades introductorias: Actividade encamiñada a tomar contacto e reunir información sobre o estudiantado, así como a presentar a materia, a través das ferramentas de teledocencia Campus Remoto e Moovi. Esta sesión impartida en modalidade síncrona na aula virtual poderá ser gravada para que o estudiantado con problemas de conectividade poida acceder a elas de forma asíncrona.

-Lección Maxistral: Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo no horario oficial establecido pola facultade, a través das ferramentas de teledocencia Campus Remoto e Moovi. As sesións impartidas en modalidade síncrona nas aulas virtuais poderán ser gravadas para que o estudiantado con problemas de conectividade poida acceder a elas de forma asíncrona.

-Resolución de problemas: O estudiantado realizará exercicios a través da modalidade asíncrona, baixo as directrices e supervisión da profesora. Para a realización destas actividades o estudiantado deberá ler as lecturas e demais materiais proporcionados na plataforma Moovi.

Metodoloxías docentes que se modifican.  
Ningunha.

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase no despacho virtual da profesora, en horario de titorías oficiais, baixo a modalidade de concertación previa e a través do correo electrónico.

Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir  
Ningunha.

Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe.

As novas lecturas estarán dispoñibles para o estudiantado na plataforma Moovi.

Outras modificacións.

Ningunha.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

-Primeira edición das actas (xaneiro-maio).

O estudiantado que siga o sistema de avaliación continua realizará un exame ao final do cuadrimestre, que coincidirá coa data establecida no calendario oficial de exames da FFT, no que a cualificación suporá o 60% da nota final. Esta proba, que se realizará en modalidade \*síncrona, consiste no desenvolvemento dunha pregunta sobre o temario. Escríbese a man e asinará para entón ser subida a Moovi. Durante o tempo de realización da proba a profesora estará dispoñible en Moovi a través do chat para responder as dúbidas que poidan xurdir. Naqueles casos de sospeita de práctica irregular ou problemas de conexión do estudiantado esta proba será substituída por un exame oral. Por correo comunicarase a cada estudante o día, hora e duración do exame oral coa suficiente antelación.

De forma paralela ao desenvolvemento dos temas, o alumnado realizará diversas probas previamente anunciadas como comentario de textos, recensións, control de lecturas que deberán ser subidas a MOOVI nas datas anunciadas. Estas probas conforman até o 40% da nota final.

O estudiantado que non siga o sistema de avaliación continua terá avaliación única mediante un exame obrigatorio na data oficial establecida no calendario de exames da FFT. Esta proba, que se realizará en modalidade síncrona, consiste na realización a través de MOOVI dun exame no que o estudiantado deberá contestar varias preguntas teóricas e prácticas relacionadas co temario. A parte teórica, que representará o 60% da nota, versará sobre contidos relacionados co temario. A parte práctica, que representará o 40% da nota, incluírá aspectos do programa traballados nas clases prácticas. Para poder superar o exercicio na avaliación única será necesario obter, como mínimo, un 3 na parte teórica e un 2 na práctica. O exame será subido a MOOVI o día e hora sinalados pola Facultade, realizado a man e asinado para ser subido á plataforma en formato pdf ou jpg ao final da hora sinalada pola Facultade para a realización da proba. Durante o tempo de realización do exame a profesora estará dispoñible en MOOVI a través do chat para responder as dúbidas que poidan xurdir. Naqueles casos de sospeita de práctica irregular ou problemas de conexión do estudiantado esta proba será substituída por un exame oral comunicándolle por correo a cada estudante o día, hora e duración do exame oral coa suficiente antelación.

-Na segunda edición de actas (xuño-xullo).

Na segunda edición o estudiantado deberá realizar un exame obrigatorio na data oficial establecida no calendario de exames da FFT. Esta proba, que se realizará en modalidade síncrona, consiste na realización a través de MOOVI dun dun exame no que o estudiantado deberá contestar varias preguntas teóricas e prácticas relacionadas co temario. A parte teórica, que representará o 60% da nota, versará sobre contidos relacionados co temario. A parte práctica, que representará o 40% da nota, incluírá aspectos do programa traballados nas clases prácticas. Para poder superar o exercicio na avaliación única será necesario obter, como mínimo, un 3 na parte teórica e un 2 na práctica. O exame será subido a MOOVI o día e hora sinalados pola Facultade, realizado a man e asinado para ser subido á plataforma en formato pdf ou jpg ao final da hora sinalada pola Facultade para a realización da proba. Durante o tempo de realización do cuestionario a profesora estará dispoñible en Moovi a través do chat para responder as dúbidas que poidan xurdir. Naqueles casos de sospeita de práctica irregular ou problemas de conexión do estudiantado esta proba será substituída por un exame oral comunicándolle por correo a cada estudante o día, hora e duración do exame oral coa suficiente antelación.

---